CULLEREDO
CONCELLO
Rúa do Concello, 12
15189 Culleredo
www.culleredo.es

# SSO – 003
## Solicitude de prestacións de apoio á autonomía e atención á dependencia (PAAD)

## SOLICITANTE/S

Nome | Primeiro apelido | Segundo apelido | ☐ NIF ☐ NIE ☐ Pasaporte

Nome | Primeiro apelido | Segundo apelido | ☐ NIF ☐ NIE ☐ Pasaporte

**Dirección para efectos de notificacións**

Tipo de vía | Nome da vía

Número | Quilómetro | Letra | Bloque/Portal | Escaleira | Piso | Porta | Cód. postal

Poboación | Municipio | Provincia ou País

**Outros medios de contacto**

Teléfono fixo | Teléfono móbil | Correo electrónico | Fax

☐ **AUTORIZO / AUTORIZAMOS** que as sucesivas notificacións[1] relativas á presente comunicación realícense por medios electrónicos (na caixa de correos electrónica, accesible na sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es) identificando a seguinte dirección de correo electrónico

para o envío de avisos informativos da posta ao dispor dunha notificación na sede electrónica do Concello, quedando avisado de que a falta de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Preciso / Precisamos apoio para atender as necesidades persoais e básicas da miña / nosa vida diaria. Estimando reunir os requisitos esixidos no Regulamento das Prestacións Municipais de Apoio á Autonomía e Asistencia á Dependencia (BOP nº 159, do 21 de agosto de 2015) por:

☐ Atoparme / Atoparnos actualmente nunha situación de limitación na miña /nosa autonomía persoal.

☐ Atoparme / Atoparnos en dificultades persoais transitorias que puidesen derivar nun problema de desestruturación, familiar ou de exclusión social.

## SOLICITO / SOLICITAMOS

A / As seguinte/s prestación/s económica/s municipal/is que a continuación sinalo / sinalamos:

☐ Servizo de axuda a domicilio
☐ Servicio de teleasistencia a persoas non dependentes
☐ Servizo de xantar na casa
☐ Ampliación do servizo de axuda a domicilio

## DECLARACIÓNS

**Autorizo / Autorizamos** a que se realicen as consultas necesarias nos ficheiros públicos acreditados e **Declaro / Declaramos** que todos os datos facilitados son certos, que lin / lemos as advertencias legais e que acepto / aceptamos as condicións particulares expresadas, polo que solicito / solicitamos admítase a trámite esta instancia.

Culleredo, ______ de ______________ de __________

O / A / Os solicitante/s

Asdo.: ______________________ Asdo.: ______________________

De acordo co Regulamento (EU) 2016/679, o Concello de Culleredo informa que tratará os datos coa máxima confidencialidade, coa exclusiva finalidade de xestionar o procedemento administrativo de referencia, sendo a base de lexitimación o cumprimento dunha misión realizada en interese público. O abaixo asinante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e os documentos que se unen son certos. Os datos serán tratados de acordo ao establecido en Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como na normativa que puidese aplicarse para a súa tramitación, realizándose aquelas cesións contempladas por lei ou aquelas consideradas como necesarias para os efectos oportunos.
Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, supresión e limitación do tratamento, así como o de portabilidade, que poderán ser exercidos, achegando en todo caso unha copia de documento acreditativo da súa identidade e concretando o dereito ou dereitos que desexa exercer, mediante unha comunicación dirixida ao Comité de Privacidade de Concello de Culleredo por algunha das dúas seguintes vías: (i) Mediante correo electrónico á dirección rgpd@culleredo.es ; ou (ii) por carta a Rúa do Concello, 12 – 15189 - Culleredo.

**Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CULLEREDO**

Continúa no dorso

## DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

**DOCUMENTOS COMÚNS AOS TRES SERVIZOS (indique cunha cruz os documentos que presenta)**

- ☐ Fotocopia do Documento Nacional de Identidade
- ☐ Volante de empadroamento de todos os membros da unidade familiar (volante de convivencia)
- ☐ Declaración do IRPF do exercicio anterior ao momento da solicitude ou, de ser o caso, certificado negativo de todos os conviventes
- ☐ Certificado da prestación económica do INEM, se é menor de 65 anos
- ☐ Certificación positiva ou negativa de prestacións do INSS, ISFAS ou MUFACE
- ☐ Declaración responsable de toda a unidade de convivencia, de todos os ingresos económicos obtidos no derradeiro ano
- ☐ Fotocopia da primeira folla da conta bancaria onde conste o n.º de conta de 20 díxitos e o nome dos titulares
- ☐ Informes médicos que poidan avalar a situación que motiva a solicitude
- ☐ Copia de ter presentada a solicitude de grao de dependencia de ser o caso
- ☐ Copia do certificado do grao de discapacidade se fora o caso
- ☐ Autorización de todos os membros da familia para o uso de datos persoais
- ☐ Autorización de todos os membros da familia para o acceso á información catastral
- ☐ Autorización para a realización de trámites asociados a este procedemento
- ☐ Acreditación de representación de ser o caso
- ☐ Autorización bancaria

**DOCUMENTOS ESPECIFICOS PARA O SERVIZO DE XANTAR NA CASA (indique cunha cruz os documentos que presenta)**

- ☐ Informe médico de saúde (Anexo X1)
- ☐ Solicitude de domiciliación bancaria do servizo de xantar na casa debidamente cuñado pola entidade bancaria (Anexo X2)

**DOCUMENTOS ESPECIFICOS PARA EL SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA (indique cunha cruz os documentos que presenta)**

- ☐ TAD 1. Datos da persoa usuaria titular
- ☐ TAD 2. Cobertura sanitaria da persoa usuaria titular
- ☐ TAD 3. Persoas de apoio do programa
- ☐ TAD 4. Datos da vivenda e identificación da persoa usuaria
- ☐ TAD 5. Informe médico
- ☐ TAD 7. Datos da persoa usuaria adicional
- ☐ Autorizacións das persoas usuarias solicitantes do acceso á vivenda

Na solicitude para calquera dos tres servizos, ademais dos datos relacionados no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas deberán sinalarse tres teléfonos de contacto: o da persoa interesada máis dúas de familiares ou persoas achegadas coas que se poida contactar desde os servizos municipais.

## OBXECTO

A través deste procedemento, as persoas interesadas empadroadas e residentes no Concello de Culleredo, poderán presentar solicitudes para o servizo de prestacións de apoio á autonomía e atención á dependencia: axuda no fogar, xantar na casa e teleasistencia domiciliaria para persoas non dependentes, co obxecto de dar resposta a situacións de autonomía limitada, dependencia ou supostos de desestruturación familiar coa finalidade de atender as necesidades da súa vida diaria, posibilitando a permanencia no seu domicilio o maior tempo posible e/ou facilitar ao máximo a vida independente.

## INSTRUCCIÓNS DE CUMPRIMENTACIÓN

- Cumprimente os datos da persoa física ou xurídica que formula a solicitude e do seu representante se procede, achegando en tal caso o correspondente documento de representación.
- Cumprimente igualmente a dirección completa, para efectos de notificacións, do solicitante ou do seu representante, así como outros medios de contacto tales como un teléfono fixo, teléfono móbil, dirección de correo electrónico e fax, no caso de que desexe ser contactado por algún destes medios. Indique expresamente se autoriza ao Concello de Culleredo a que lle envíe mensaxes SMS e/ou correos electrónicos á dirección especificada así como notificacións fidedignas á súa caixa de correos web para o que necesitará un certificado dixital recoñecido (DNI electrónico, CERES etc.). Pode obter máis información sobre certificados dixitais, administración electrónica, así como da súa caixa de correos web persoal para a práctica de notificacións telemáticas fidedignas en www.culleredo.es.
- Indique a relación de documentos que adxunta xunto coa solicitude.
- En caso de achegar documentación ou formular alegacións ou recursos, non se esqueza de indicar o código de expediente relacionado.
- No caso de que a exposición de motivos non caiba no anverso, continuar no reverso. Se este resultase insuficiente anada máis páxinas indicando o número de follas presentado.
- A solicitude debe ser asinada polo interesado solicitante ou o seu representante, se procede.

## AVISOS LEGAIS

[1] Conforme ao disposto polo art. 41 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as notificacións practicaranse preferiblemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.

Artigo 14. Dereito e deber de relacionarse electronicamente coas administracións públicas.

1. As persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coas administracións públicas para o exercicio dos seus dereitos e deberes a través de medios electrónicos ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas. O medio elixido pola persoa para comunicarse coas administracións públicas poderá ser modificado por aquela en calquera momento.

2. En todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

a) As persoas xurídicas.

b) As entidades sen personalidade xurídica.

c) Os que exerzan unha actividade profesional para a cal se requira colegiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.

d) Os que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

e) Os empregados das administracións públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado.

**Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CULLEREDO**